

BASES

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a tres peóns subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde 3 de maio de 2013, para o desenvolvemento da obra/servizo **ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS AO CASCO URBANO**

2.- CONDICIÓN.- Duración do contrato: 6 meses
O horario laboral será de 25 horas semanais.

3.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.- Serán remitidos pola Oficina de Emprego, logo de formular a preceptiva oferta, de acordo co establecido na Orde de 3 de maio de 2013, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio 2013, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria. Os aspirantes deberán de figurar como demandantes na ocupación de “traballador de hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns”, por ser o perfil que se entende que é máis acorde ao tipo de traballo a desenvolver

4.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Municipal do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. Mónica Castro Pérez, Xefa de Servizo da Academia Galega de Seguridade Pública

SECRETARIO:

Titular:Dna. María Jesús Fernández Bascuas, Administrativa da Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Suplente:D. Julio Fontaíña Couso, Tesoureiro do Excmo. Concello da Estrada

VOGAIS:

Titular:D. Miguel Durán Constenla, oficial conductor do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: D. José Manuel Pereiras Clemente, conserxe do Excmo. Concello da Estrada

Titular:Dna. Maria Herminia Porto Valcárcel, Administrativa da Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Suplente:Dna. Paula Yebra Rovira, Administrativa da Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada

Titular:D. José Luis Cerviño López, conserxe notificador do Excmo. Concello da Estrada

Suplente: Dna. Mónica Cardona Constenla, Auxiliar Administrativa do Excmo. Concello da Estrada.

5.- EJERCICIOS OBRIGATORIOS.- Os aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego presentaranse na Casa Consistorial, o día fixado ao efecto polo citado Organismo, co gallo de realizar unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar oralmente a 3 preguntas cortas formuladas polos membros do tribunal sobre cuestións recollidas no temario que figura como anexo.

Parte práctica:

Consistirá en realizar as probas que determinen os membros do Tribunal sobre labores propias do posto, e á vista do temario que figura como anexo.

O exercicio obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos.

Os aspirantes serán cualificados de 0 a 10 puntos.

6.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematada a proba, o Tribunal publicará a relación de aptos, podendo figurar uha lista de suplentes. As persoas declaradas aptas serán propostas ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis de unha persoa para cada praza convocada.

7.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderán interpoñer, potestivamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recursos contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer o recurso potestativo da reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO TEMARIO

- 1.- O Municipio: concepto e elementos. Competencias do Municipio. Servizos mínimos.
- 2.- A función pública local: clases de funcionarios.
- 3.- Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, augas, electricidade.
- 4.- Características da formigoneira, compresor, soldador eléctrico e compactadora.
- 5.- Maquinaria e ferramentas utilizadas en traballos de xardinería.
- 6.- Limpeza de xardíns.
- 7.- Poda de árbores e plantas.
- 8.- Clases de formigóns e características.
- 9.- Clases de ladrillos e características.
- 10.- Materiais máis utilizados polas brigadas de obras en vías urbanas.

A Estrada, 17 de outubro de 2013
O ALCALDE.

Asdo. D. José C. López Campos